

INFORMACIÓN INTERBARRIOS (18-19/06/2012)

ASISTEN: Monte Alto, Agra, Ria

– Información Monte Alto:

Respecto a lo hablado en la última reunión presencial de Interbarrios, con respecto a la propuesta que se hizo a las Asambleas, apoyamos organizar una xuntanza (insistimos en que debe ser decisoria) entre todas las Asambleas para tratar todos los temas concernientes a la Rede y organizativos, y posponer la organización del foro del 15M de Galicia para después. Además, proponemos como fecha para esa xuntanza el domingo 8 de julio, como lugar el parque de Santa Margarita, y en cuanto al horario consideramos que debería empezar por la mañana y prolongarse hasta que se hable lo necesario.

En cuanto a una propuesta de una persona del Obelisco de hacer una concentración y cacerolada allí todos los lunes a las 20 horas: apoyamos la del día 18 (pediremos que se haga mención al día de lucha convocado para hoy por los mineros), pero preferimos que, en el futuro, se cambie el día, ya que los lunes hay reunión de Interbarrios. Proponemos que sea los viernes, ya que habrá más gente de paso por esa zona, y ninguna Asamblea tiene actos periódicos que sepamos ese día.

Informamos de que en nuestra próxima Asamblea (primer jueves de julio) habrá una charla temática sobre el rescate a la banca española.

A pesar de que en la reunión de Interbarrios de la semana pasada se había dicho que seguramente fuese el viernes de esa semana, finalmente la concentración de protesta contra la empresa coruñesa Hidro Santa Cruz (Hidralia Energía) tras haber sido detenidos dos de sus “empleados” por el asesinato de un líder comunitario en Guatemala (después de haber tenido lugar protestas por parte de la comunidad local contra un proyecto hidroeléctrico que se pretende llevar a cabo en la zona) será hoy, martes 19 de junio, a las 20 horas en la Avda. del Ejército, 10. A Coruña en loita también nos informa de que este miércoles, día 20, a las 20 horas hay una manifestación organizada por CCOO contra la reforma laboral.

– Información de AGRA

Xuntanza: Despois da petición doutras asembleas, en IB, de propoñer unha data para a xuntanza. débátese a necesidade de celebrar dita xuntanza. Proponse o 30 de xuño, sabemos que coincide pola mañá con troco de montealto pero cremos que é urxente facela canto antes e o seguinte sábado e San Xoan.

Hortas: Fixemos difusión no facebook, twitter, blogue e cartaces. Temos moita xente interesada.

<https://www.facebook.com/HortasUrbanasAgraDoOrzan> Mercamos un móbil cunha tarxeta prepago para que a xente que ten limitacións tecnolóxicas poida poñerse en contacto connosco.

Faremos unha reunión informativa cos interesadxos o martes 19 de xuño ás 20:00 en Própolis. Temos prevista a rolda da prensa para o xoves 28 ás 12.00 Prepararemos a solicitude ao Concello.

Interacampadas: Comunicación debe emitir comunicado urxente sobre quén é asemblea de los Mallos e que os seus membros non representan ao 15M Coruña. Agra iría igual a Interacampadas se vai o resto das asembleas do 15M da Coruña no caso de que organicen Los Mallos.

Información sobre Dominio: Caducaba o xoves (14 de xuño) , temos 80 euros, o dominio e hosting foron renovados e o total é de 83,74.

Foro da débeda: Dixemos que emitiríamos un comunicado pero estamos ocupados co tema das hortas, simplemente aclarar que Agra nunca manifestou o seu apoio ao Foro e que non bloquear non implica apoiar. Debatiremos nos próximos días se merece a pena escribir comunicado ou non sobre este tema.

– **Balance do I Foro da Débeda:**

Como primeira conclusión, suliña-la calidade dos poñentes e a claridade das súas exposicións. Así como a presenza dun compañeiro da Plataforma pola Auditoría cidadán da Débeda que traballan a nivel estatal, o cal nos permite estudar colaborar con eles no futuro.

A comisión encargada da organización (composta por membros de Monte Alto, A Ría e un compañeiro que non pertence a ningún grupo) elaborará un resumo das charlas para telo disponible. O íntegro está aquí: <http://indignadosdaria.dyndns.tv/>

Foi oportuno no tempo, dado que a débeda do estado é un elemento central do debate acerca da crise (que se pode calificar xa coma depresión e non coma unha simple recesión por grave que sexa), tanto é así que o sábado 9 pola tarde anunciouse o rescate do estado español polo BCE, co consecuente aumento da nosa débeda pública. Tamén foi oportuno no político (de feito o BNG fixo unha proposta, similar á do 15M, de levar a cabo unha auditoría social da débeda).

Pero a asistencia non foi masiva (pola mañán unhas 40 personas, algúns novos contactos para as asembleas, pero pola tarde unha media de 10) aínda que fosen moitas caras novas, algo que xa se botaba en falta nas nosas actividades. A difusión que se fixo (a pé da Rúa, nos luminosos do Concello de Oleiros, carteis, mail, blog e Facebook) non foi menor que noutras ocasións.

A comisión cometemos varios erros de información ó resto da Rede, o cal fixo que non fosemos capaces de implicar a mais xente. Isto tamén fixo que non se comprendese ben a intención de achegar a sectores críticos coas organizacións políticas "institucionais", convidados a asistir ás charlas non coma voceiros das súas orgs senón a título individual (a excepción do PP e PSOE. A CCOO e UXT fíxose despois da crítica de Monte Alto), o cal ó non ser debidamente tratado coas asembleas causou desconfianza e desconcerto. Con todo, tódolos barrios (excepto Cambre que bloqueou) apoiaron o desenrolo desta actividade.

Por todo isto, a pesar das debilidades consideramos que a convocatoria do Foro foi positiva, e que esperamos que como Rede se fagan no futuro actividades semellantes.

– **RIA**

Nos temos reunión hoxe, ás 20, e estaremos comunicados, polo que subiremos as nosas propostas.

Da semana pasada, xa enviáramos á listaxe da Rede, pola urxencia, a proposta de ir á manifestación da CGT CUT, e de sacar un comunicado sobre o Resgate á Banca ou como lle queiran chamar, chamando a unidade contra o Resgate e as súas consecuencias na débeda, e nos servizos públicos, e criticando a responsabilidade de todas as forzas institucionais (non so do PP e do PSOE), pois todas elas tiñan membros nos consello directivos das Caixas de Aforro, que son os que están no ollo do furacán, a través dos bancos por elas creados na súa privatización: Bankia, Novagalicia Banco, etc.

A proposta era para repartir na manifestación de CCOO e UXT de hoxe.

Propoñemos facer a xuntanza o día 1 de Xullo. O día 30 non nos parece bo día xa que coincide co Troco de Monte Alto e se pode evitar. O día 8 tampouco nos ven ben porque habería moitos membros da nosa asemblea que non poderían asistir.

Apoiamos a petición de Monte Alto de que a xuntanza sexa decisoria.

Recomendamos que se faga en un local pechado (Diablita, Propolis, Local municipal en Oleiros...) debido os temas a tratar.

O tema central para nos é plantexar os obxetivos da rede e os proxectos futuros a desenvolver. Propoñemos que para facilitar o debate os grupos de traballo envíen previamente a lista de IB as súas propostas.

A reunión de Interassembleas asistiremos a onde se faga e apoiaremonos como Rede pero nestes momentos temos temas máis prioritarios nos que centrarnos.

A proposta de facer unha cacerolada todas as semanas propoñemos pospoñela decisión ata despois da Xuntanza indignada.

Na Ria estamos traballando en facer unha asemblea temática sobre a debeda derivada do rescate. A data establecerase en función da data de xuntanza indignada.

Na Ria pagaremos a parte proporcional do dominio. Se algunha asemblea non ten interese en continuar co blogue da rede asumiremos o gasto desa ou desas asembleas.